



AXUDAS DE CARÁCTER SOCIOECONÓMICO DO FONDO EUROPEO DE PESCA

DOG 13 do 21/01/2015 Orden 30/12/2015. C. de Pesca e Asuntos Marítimos.

DATA REMATE: 21/02/2015

Contía da Subvención:

A prima pola compra non será superior ao 15% do custo de adquisición da propiedade nin excederá os 50.000€

Beneficiarios:

- Tripulantes de buques pesqueiros afectados por medidas de reestructuración da frota, que teñan porto base en Galicia ou tripulantes cuxo domicilio fiscal se atope en Galicia e que reúnan todos os demais requisitos.
- Deberán cumprir os requisitos exixidos na normativa básica do Estado non sinalada en puntos anteriores.
- O nº de beneficiarios non poderá superar o nº de postos de traballo suprimidos a bordo de buques pesqueiros como resultado da paralización definitiva da actividades pesqueiras durante todo o periodo de programación.

Requisitos Beneficiarios:

- Estar dado de alta no réxime especial da S. Social dos traballadores do mar.
- Acreditar un mínimo de 5 anos de exercicio da profesión de pescador ou formación profesional equivalente.
- Adquirir un buque das seguintes características:
 - * Eslora total inferior a 24m.
 - * Idade comprendida entre 5 e 20 anos.
- Non ser propietario de ningunha outra embarcación de pesca.
- Ter menos de 40 anos na data de adquisición da embarcación.

Conceptos Subvencionables:

PRIMA POR COMPRA DE 1º BARCO

- Facilitar o acceso á propiedade, parcial ou total, dun barco aos profesionais do sector que nunca tiveron un en propiedade.